- b) Ocupada: situación que indica que a persoa encóntrase prestando servizos para o Concello de Burela.
- c) En suspensión. Situación na que se atopa a persoa aspirante que ten renunciado de forma xustificada á oferta de traballo. Esta situación perdurará ata a comunicación expresa do/da aspirante da finalización desta situación para pasar ou á situación de “dispoñible” ou de “baixa”.
- d) Baixa definitiva: Implica a exclusión definitiva da bolsa, e se derivará dos supostos/circunstancias sinalados no apartado 14.2 anterior

13.5. Vixencia da bolsa

A bolsa resultante do presente proceso selectivo terá unha vixencia de tres anos contados dende a data da súa aprobación por resolución de Alcaldía. Porén, serán substituídas polas que resulten das bolsas de emprego/listaxes de reserva que se constitúan a raíz da resolución de procesos selectivos convocados para a obtención da condición de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do mesmo corpo ou escala ou categoría profesional.

Así mesmo poderá extinguirse antes no caso de quedar baleira de candidatos/as.

14.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, instándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación dos mencionados instrumentos xurídicos.

15.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

16.- PROTECCIÓN DE DATOS.

Tratamento	PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO
Responsable de tratamento	Concello de Burela, Rúa/ Eijo Garay, nº 20, Burela correo electrónico: protecciondedatos@burela.org teléfono: 982586000
Datos Delegado de Protección de Datos	Nome do Delegado de Protección de Datos: Deputación Provincial de Lugo. Correo electrónico: dpdcooperaciónconcellos@deputacionlugo.org

Finalidade e prazos de conservación	Xestión e tramitación das convocatorias públicas de selección de persoal para os postos de traballo vacantes na organización do Concello. Xestión das probas de selección e valoración de méritos achegados, publicidade e transparencia do proceso selectivo. Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que foron solicitados e para determinar posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e/o tratamento de datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivo e documentación no sector público. Os seus datos non serán utilizados para elaborar decisións automatizadas.
Lexitimación do tratamento	A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha obrigação legal regulada na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, no R.D.L. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
Destinatarios dos datos	Os seus datos persoais serán cedidos a: a Dirección Xeral da Función Pública, á administración pública con competencia na materia, ao Boletín Oficial do Estado, ao Diario Oficial de Galicia e ao Boletín Oficial da Provincia. Non está previsto realizar transferencias internacionais a terceiros países dos seus datos.
Dereitos das persoas interesadas	<u>Dereito de acceso:</u> pedir información os datos persoais que dispoñamos acerca de vostede. <u>Dereito de rectificación:</u> comunicar calquera cambio nos seus datos persoais. <u>Dereito de limitación ao tratamento:</u> nalgúns casos, solicitar a restrición do tratamento dos seus datos. Para máis información de como poder exercer os seus dereitos diríxase ao Rexistro de Entrada do Concello de Burela, sito na dirección arriba indicada, ou pode levar a cabo dita acción a través dos formularios que a entidade pon á súa disposición na sede electrónica do Concello: Sede electrónica Se considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados non foi respectado, Vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. (https://www.agpd.es/portalwebagpd/index-ides-idphp.php).

ANEXO. TEMARIO

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura. Valores superiores do ordenamento constitucional. Os principios fundamentais da Constitución. A reforma constitucional.

Tema 2.- Dereitos e liberdades establecidos na Constitución; especial referencia aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas. Garantías e tutela dos dereitos e liberdades. A suspensión de dereitos.

Tema 3.- Organización territorial do Estado na Constitución. As Comunidades Autónomas: constitución e competencias. Os Estatutos de Autonomía.

Tema 4.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura. As institucións da Comunidade Autónoma: O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente.

Tema 5.- A Administración Pública no ordenamento español. As distintas Administracións. Principios de actuación da Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.

Tema 6.- O réxime Local Español: principios constitucionais. Regulación xurídica. As distintas Entidades Locais.

Tema 7.- As fontes do dereito administrativo. A xerarquía das fontes. A lei. As disposicións do Executivo con forza de lei: decreto-lei e decreto legislativo. O regulamento: concepto, clases e límites. Outras fontes do dereito administrativo.

Tema 8.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Obxecto e ámbito subxectivo de aplicación.

Tema 9.- Os interesados no procedemento administrativo. Capacidade de obrar, concepto de interesado e representación.

Tema 10.- A actividade das Administracións Públicas na Lei 39/2015. Normas xerais de actuación. Termos e prazos.

Tema 11.- O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A motivación.

Tema 12.- Notificación e publicación dos actos administrativos. Os medios electrónicos aplicados ao procedemento administrativo común.

Tema 13.- Eficacia e executividade dos actos administrativos; medios de execución forzosa. A invalidez do acto administrativo: supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade; o principio de conservación do acto administrativo.

Tema 14.- A revisión dos actos administrativos. A revisión de oficio. A revogación. A rectificación de erros

Tema 15.- O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. O procedemento administrativo na administración local: iniciación, ordenación, instrución e terminación.

Tema 16.- Terminación do procedemento. A obrigação de resolver. Contido da resolución expresa: Principios de congruencia e de non agravación da situación inicial. A terminación convencional.

Tema 17.- O incumprimento dos prazos para resolver e os seus efectos. A falta de resolución expresa: o réxime do silencio administrativo. O disenso e a renuncia. A caducidade.

Tema 18.- Os recursos administrativos (I): principios xerais. Recurso de alzada. Recurso potestativo de reposición.

Tema 19.- Os recursos administrativos (II). Recurso extraordinario de revisión. A suspensión da execución do acto recorrido.

Tema 20.- O Municipio: concepto e elementos. O termo municipal.

Tema 21.- A organización municipal (I). Órganos necesarios e competencias: Alcalde, Tenentes de Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.

Tema 22.- Organización municipal (II). Órganos complementarios: Comisións Informativas e outros órganos. Os grupos políticos.

Tema 23.- As competencias municipais: propias, atribuídas por delegación e competencias distintas das propias .

Tema 24.- Os servizos mínimos municipais. A reserva de servizos.

Tema 25.- A poboación municipal. O padrón de habitantes. O estatuto dos veciños. Dereitos dos estranxeiros. A participación veciñal na xestión municipal.

Tema 26.- O rexistro municipal de documentos. O rexistro electrónico e as oficinas de asistencia en materia de rexistro; a súa regulación na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Tema 27.- Arquivo municipal de documentos. Concepto e clases de arquivos. Organización e racionalización de arquivos. O arquivo electrónico único de documentos.

Tema 28.- A potestade normativa das entidades locais: regulamentos e ordenanzas. Procedemento de elaboración. Os bandos.

Tema 29.- A intervención administrativa local da actividade privada. Licenzas, comunicacións previas e declaracións responsables. As licenzas e outras autorizacións urbanísticas.

Tema 30.- Os bens das entidades locais. Clases. Bens de dominio público. Bens patrimoniais. Os bens comunais. O inventario.

Tema 31.- Os contratos do sector público. Tipos. Réxime xurídico dos contratos administrativos e os de dereito privado. Os contratos menores.

Tema 32.- O persoal ao servizo da Administración Local. Persoal funcionario e persoal laboral. Integración en escalas, subescalas e Clases.

Tema 33.- Acceso ao emprego público e adquisición e perda da relación de servizo. Provisión de postos de traballo e mobilidade. Situacións administrativas.

Tema 34.- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: os dereitos dos empregados públicos. Dereitos individuais. Dereitos de exercicio colectivo.

Tema 35.- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: deberes dos empregados públicos. Código de conduta. Incompatibilidades. Réxime retributivo.

Tema 36.- O orzamento xeral das entidades locais. Concepto e contido. Elaboración e aprobación: especial referencia ás Bases de execución do orzamento

Tema 37.- As Facendas Locais. Clasificación dos ingresos. As Ordenanzas Fiscais.

Tema 38.- A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Publicidade activa. Dereito de acceso á información pública.

Tema 39.- A ordenanza de administración electrónica do Concello de Burela (BOP de Lugo nº 245 de 23/10/2024).

Tema 40.- A Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos.”

TERCEIRO.- Declarar extinguida a bolsa de emprego aprobada por Decreto de Alcaldía nº 2019-0969 de 23/12/2019 e ampliada por Decreto de Alcaldía nº 2020-0168 de 02/04/2020 no momento en que se aprobe a resultante do presente proceso selectivo.

CUARTO.- Que se de publicidade a tal convocatoria a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) e na sede electrónica do Concello (<http://burela.sedelectronica.es>). “

Burela, 7 de novembro de 2025.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3146

COSPEITO

Anuncio

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DEFINITIVA EN PROPIEDAD MEDIANTE SISTEMA DE OPOSICIÓN POLO TURNO LIBRE DUNHA PRAZA DE OFICIAL DE PRIMEIRA

PRIMEIRO.- Obxecto da convocatoria.

As presentes bases teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso selectivo para a provisión en propiedade, polo sistema de oposición por quenda libre, dunha (1) praza de Oficial de Primeira, persoal de oficios, persoal laboral, correspondente a taxa de reposición de efectivos do ano 2025, cuxa publicación da O.E.P consta no B.O.P. de data 18 de marzo de 2025, Nº. 63 e D.O.G. de data 14 de abril de 2025, Nº. 72, cuxa aprobación foi por Decreto da Alcaldía Nº. 2025-157 de data 10 de marzo de 2025.

SEGUNDO.- REFERENCIA DO PROCESO SELECTIVO

EXPEDIENTE Nº: 999/2025

TERCEIRO.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA E FUNCIÓNS DO POSTO

- Denominación da praza: Oficial de primeira, persoal de oficios
- Tipo de relación xurídica: persoal laboral fixo.
- Retribucións do posto: total retribucións anuais 23.588,32€
- Funcións do posto.

As funcións a desenvolver na praza de Oficial de primeira serán, en términos xenéricos, as seguintes:

- Control, manexo, conducción e mantemento de vehículos e maquinaria do Concello así como a custodia da documentación.
- Operación e manexo do conxunto de sistemas complementarios que, no seu caso, se acoplen a maquinaria.
- Conducir os vehículos para o transporte de persoal, material e demais medios que se requiran.
- Realización de tarefas de mantemento e limpeza básicas de vehículos municipais.
- Realizar as tarefas de carga e descarga de materiais diversos.
- Limpeza de vías públicas: limpeza de rúas, arranxo de fochancas e roturas, pintado, limpeza e reparacións de bancos, baleirar papeleiras e revisar se están en bo estado e limpalas.
- Parques e xardíns: limpeza, baleirar papeleiras, regar, podar árbores, cortar setos, quitar malas herbas etc.
- Conservación, mantemento e pequenas reparacións dos edificios e dependencias municipais
- Vixilancia da iluminación e seguridade dos edificios dando conta de avarías e danos .
- Atender o servizo de calefacción/aire acondicionado e o do seu mantemento (comunicación de avarías ou mal funcionamento, procedencia revisións) nos edificios en instalacións municipais.
- Control de ferramentas e maquinaria que lle sexan fornecidas para o desempeño destas funcións.

- Ser responsable do control das chaves de todos os edificios. Informaráselle das distintas actividades programadas, coa debida antelación, ao obxecto de que os edificios se atopen abertos cando dean inicio e finalizados os actos proceder ao seu peche.
- Vixiar o perfecto uso dos edificios e instalacións municipais informando de calquera deterioración ou circunstancia que poida incidir no mantemento.
- Vixiar a iluminación pública e avisar á persoa encargada das avarías para a súa reparación ou lámpadas que requiran a súa substitución.
- Auxilio na realización de pequenas obras de mantemento, avarías etc.
- Colaborar prestando a axuda que lle sexa solicitada na organización das festas e feiras.
- Colaborar coas autoridades e empregados públicos nas tarefas que teñan encomendadas cando sexa requirido para iso.
- Tarefas de coordinación que se lle encomenden para o adecuado funcionamento dos servizos
- Calquera outra que se desprenda dos diferentes servizos municipais e acorde coa súa cualificación, non relacionada anteriormente, que lle encomende a autoridade municipal no exercicio das súas funcións.

CUARTO-. SISTEMA SELECTIVO

O sistema selectivo será o de oposición libre

QUINTO-. REQUISITOS EXIXIDOS

Para optar ás prazas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data en que remate o prazo para a presentación de instancias:

- Ser español/a ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), respecto aos estranxeiros.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión da ESO, Graduado escolar, formación profesional de primeiro grado ou equivalente ou en condición de obtelo na data sinalada. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.
- Estar en posesión do permiso de condución B
- Estar en posesión do título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 2 ou equivalente. No caso de non acreditalo realizarase unha proba de galego.
- Non padecer enfermidades ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento da función correspondente á dita praza.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de función públicas por sentenza firme. Acreditarase mediante declaración xurada.
- Tales requisitos haberán de manterse na data en que a Alcaldía-Presidencia dite resolución acordando a contratación ou nomeamento de acordo coa orde de seleccionados establecido polo Tribunal Seleccionador

SEXTO-. SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN E PRAZO

As instancias solicitando tomar parte nas probas selectivas dirixiranse ao Señor Alcalde do Concello de Cospeito e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral do Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As presentes bases íntegras e a súa convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Cospeito.

Un extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia, sendo a data do anuncio do Boletín Oficial do Estado a que servirá para o cómputo de prazo de presentación de instancias.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do extracto da convocatoria no B.O.E.

A publicación nos medios sinalados non excluírá o emprego doutros medios de comunicación social complementarios e opcionais para obter unha maior difusión.

Nas instancias os aspirantes farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos e achegarán inescusablemente os documentos que se relacionan:

- a) Solicitud nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.

b) Copia do documento nacional de identidade (DNI), pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

Quen non posúa a nacionalidade española acompañará á solicitud os seguintes documentos:

Os estranxeiros que residan en España, fotocopia compulsada do correspondente documento de identidade ou pasaporte e da tarxeta de residente comunitario ou de familiar residente comunitario en vigor.

Os aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea, ou de Estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo que non residan en España, ben por residir no estranxeiro ou por encontrarse en España en réxime de estancia, deberán presentar fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte.

Os familiares das persoas anteriores deberán presentar fotocopia compulsada do pasaporte, do visado e, no seu caso, do resgardo de solicitar a correspondente tarxeta ou do resgardo de solicitar a exención de visado e a correspondente tarxeta. De non ter solicitados estes documentos deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa da persoa española ou nacional da Unión Europea, ou de Estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo con quen existe un vínculo, de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, no seu caso, do feito de que el ou a aspirante vive a súas expensas ou está a seu cargo.

c) Titulación esixida no punto quinto das bases. (ESO, Graduado escolar, formación profesional de primeiro grado ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.)

d) Permiso de condución B

e) Título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 2 ou equivalente. No caso de non acreditálo realizárase unha proba de galego.

f) Declaración xurada específica dos seguintes requisitos:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes en dita praza.

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.

- Non estar incurso en incompatibilidade, de acordo co establecido Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou no caso de incorrer en algunha incompatibilidade declaración xurada da actividade/es, horario e retribucións.

Segundo establece o artigo 28.3 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas a documentación poderá aportarse en copia simple. En caso de que dita documentación xa obrase en poder da administración poderás solicitarse que se faga uso da mesma, indicando na solicitud en que momento e ante que órgano administrativo se presentou dita documentación.

SÉTIMO-. ADMISIÓN DE ASPIRANTES E NORMAS XERAIS DE DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará a Resolución pola que declarará aprobada a lista PROVISIONAL de persoas admitidas e excluídas no prazo máximo dun mes, xunto coas causas de exclusión, que se fará pública no B.O.P, no taboleiro de anuncios e na Sede electrónica desta entidade.

As persoas aspirantes excluídos/as e os/as que non figuren na relación de admitidos/as e excluídos/as, disporán de un prazo de 10 días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación no B.O.P., aos efectos de emenda das causas de exclusión ou para advertir dos erros que, no seu caso, se tivera derivado da súa omisión na mesma. As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a súa exclusión ou non alegasen omisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo. De non presentaren reclamacións dentro do prazo, a lista provisional de admitidos elevarase a definitiva.

Transcorrido o prazo, a Alcaldía aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Nesta resolución designarase aos membros do tribunal, a data, lugar e hora na que se citará ao tribunal para a súa primeira sesión (constitutiva) así como o inicio da primeira proba do proceso selectivo. Esta resolución xunto coa listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as se fará pública no B.O.P., no taboleiro de anuncios e na Sede electrónica desta entidade.

As persoas aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo os casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo Tribunal. Para a admisión ao proceso selectivo deberán ser identificados/as mediante DNI ou documento equivalente.

Comezada a práctica dos exercicios, os tribunais poderán requirir en calquera momento das persoas aspirantes que acrediten a súa identidade.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos pola presente convocatoria, previa audiencia do

interesado, deberá propor a súa exclusión á Alcaldía, indicando as inexactitudes ou falsidades formuladas polo aspirante na solicitude de admisión a estas probas selectivas, aos efectos procedentes

OITAVO: Tribunal Cualificador.

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe a Alcaldía. Os seus integrantes deberán ser funcionarios/as ou persoal laboral fixo ó servizo das Administracións Públicas, con titulación igual ou superior á requirida para o acceso á praza.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados da mesma forma que os titulares.

A pertenza aos órganos de selección realizarase a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica, non formará parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 36.4/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, dos seus suplentes, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse e poderá adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

O Tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que se estimen pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas respectivas especialidades técnicas.

Así mesmo, os Tribunais poderán valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios, cuxa designación deberá comunicarse á Alcaldía, que haberá de autorizar o número de persoal auxiliar proposto.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos.

De tódalas reunións que faga o tribunal, o secretario redactará acta.

INCIDENCIAS

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso selectivo ao amparo da lexislación vixente

NOVENO-. PROBAS SELECTIVAS E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

O sistema de selección será o de oposición en turno libre.

1.- Fase de oposición.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes ao posto á que se refiren estas bases son as seguintes de carácter obrigatorio e eliminatorio

Primeiro exercicio: Puntuación máxima 20 puntos

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas, mais 5 preguntas de reserva, con tres respostas alternativas, da que só unha será válida, que determinará o Tribunal inmediatamente antes da proba sobre as materias do temario da convocatoria (ANEXO II).

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 40 minutos. O exercicio valorarase de cero (0) a vinte(20), sendo necesario para superalo un mínimo de dez puntos (10). A resposta correcta puntuarase con 1 punto, e as respostas incorrectas ou deixadas en branco non descontarán puntuación.

As preguntas de reserva substituirán, pola súa orde correlativa, aquelas preguntas que, no seu caso, sexan obxecto de anulación despois da realización do exercicio.

Segundo exercicio: Puntuación máxima 40 puntos (20 puntos cada suposto práctico).

Realización de dous supostos prácticos relacionados coas materias específicas do temario.

Cada suposto terá unha puntuación máxima de 20 puntos e o tempo máximo para a realización dos dous supostos prácticos do exercicio será de 1 hora e 30 minutos.

Deberá acadarse unha puntuación mínima da metade da puntuación total asignada nestas bases a cada un deles para a súa superación.

Se o Órgano de selección, de oficio ou en base as reclamacións, que os aspirantes poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á publicación das cualificacións dos exercicios, anulase algunha/s das preguntas ou partes dun suposto incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no taboleiro de Anuncios do Concello.

Contra tal acordo poderá interporse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

2. Puntuación total.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

3. Coñecemento do idioma galego. ELIMINATORIA

Proba de coñecemento do idioma galego a realizar nun tempo máximo de 30 minutos.

Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditan estar en posesión do título acreditativo de coñecemento da lingua galega.

Ao obxecto desta proba poderá incorporarse o persoal especializado que considerara necesario o tribunal.

A proba cualificarase de apto ou non apto, sendo necesario obter a valoración de apto ou apta para pasar a realizar as probas da fase de oposición.

O lugar e data da realización desta proba determinarase mediante resolución de Alcaldía.

DÉCIMO-. PUBLICIDADE E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.

Os resultados das diferentes probas publicaranse no taboleiro de anuncios e na Sede electrónica municipal .

Unha vez rematada a cualificación dos/as aspirantes, o tribunal publicará por orde de puntuación a relación de persoas aprobadas, e elevará a devandita relación á Alcaldía para os efectos de tramitación do pertinente nomeamento. O tribunal só poderá propoñer o nomeamento de un/unha aspirante.

UNDÉCIMO-. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

O/a aspirante proposto/a achegará dentro do prazo de cinco días naturais contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas, os documentos seguintes:

1. Fotocopia compulsada do seu Documento Nacional de Identidade.
2. Copia autenticada ou fotocopia compulsada do título ou, no seu caso, diploma sobre a base do cal se procedeu á admisión, ou ben xustificante de ter cumprido todos os requisitos para a expedición deste. Se estes documentos estivesen expedidos despois da data de terminación do prazo de presentación de instancias, deberá xustificarse a data en que finalizaron os correspondentes estudos.
3. Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira.
4. Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
5. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar dado de alta).

DUODÉCIMA-. FORMALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN

Se dentro do prazo indicado, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunise os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, e quedará anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades que incorrese por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo. O/a aspirante nomeado/a deberá formalizar o contrato no prazo de vinte días naturais a contar dende o seguinte ao seu nomeamento, que será obxecto de publicación no B.O.P.

DÉCIMO TERCEIRA-. INCOMPATIBILIDADES.

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

DÉCIMO CUARTA.- ELABORACIÓN DE LISTAXES DE PERSOAL LABORAL

Elaborarase unha listaxe de agarda coas persoas aspirantes que, superando os exercicios da fase de oposición, non obtivesen praza.

As prazas vacantes de carácter temporal poderán ser cubertas mediante un dos candidatos integrados na bolsa de traballo e poderá utilizarse para cubrir as vacantes que se produzan como consecuencia da substitución de persoal laboral en situación de incapacidade temporal e vacacións anuais.

A modalidade de contrato rexerase polas cláusulas específicas do contrato temporal por substitución da persoa traballadora.

O contrato de traballo extinguirase por reincorporación do traballador que deu lugar a reserva do posto de traballo.

A orde de prelación destas persoas na dita listaxe establecerase de acordo co resultado da suma das puntuacións obtidas nos exercicios superados da fase de oposición.

DÉCIMO QUINTA.- RÉXIME DE IMPUGNACIÓN

Contra este acto de aprobación de bases, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou ben directamente recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Lugo, no prazo de 2 meses.

Contra a resolución do Alcalde/sa-Presidente/a, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 112 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Contra o acordo do tribunal de lista definitiva de puntuacións que de remate ao proceso selectivo, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Sr/a. Alcalde/sa no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro electrónico de anuncios do Concello, de acordo co establecido no artigo 121 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra os actos de trámite do tribunal que non decidan directa o indirectamente no fondo do asunto, poderán ser alegados polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin o procedemento do proceso selectivo. Os actos administrativos que deriven destas bases e as actuacións dos tribunais, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 39/2015, de 1 de outubro. O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso ao amparo da lexislación vixente.

DÉCIMO SEXTA.- INFORMACIÓN SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Estas bases, así como cantos actos administrativos deriven da súa execución, están suxeitas ao protocolo municipal de protección de datos de carácter persoal nos procesos de selección de persoal e xestión de listas de contratación.

Esta convocatoria é un proceso voluntario e competitivo que esixe transparencia. Por iso é necesaria a publicación das identidades das persoas que participan, así como dos resultados obtidos. O Concello procurará que a exposición dos datos de identificación de persoas e os seus resultados no proceso selectivo cumpra co establecido pola Ley 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, e o Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoal e garantía dos dereitos dixitais .

De igual maneira, é un proceso administrativo ao cal as persoas que nel toman parte teñen dereito de acceso. Do desenvolvemento deste dereito hase de entender que a documentación persoal nel achegada (exames, certificacións, méritos...) pode ser accesible para outras persoas aspirantes conforme establezan os procedementos municipais establecidos para o efecto.

Coa presentación da solicitude, o Concello de Cospeito poderá realizar as consultas e comprobacións necesarias para a xestión do proceso nos rexistros oficiais de titulacións universitarias, titulacións non universitarias, servizos prestados no Concello de e cantas fagan referencia a requisitos e méritos. Tamén poderá realizar as comprobacións necesarias coas entidades que corresponda en relación coa experiencia profesional acreditada.

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Concello de Cospeito para poder tramitar a súa solicitude e resolver a convocatoria na que participa. Finalidade baseada no cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos /cumprimento de obrigacións legais. Os datos de carácter persoal poden ser comunicados ao Rexistro Central de Persoal, Dirección Xeral da Función Pública, e publicados no «Boletín Oficial do Estado» e a páxina web do Concello de Cospeito. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de

aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español. Para solicitar o acceso, a rectificación, supresión ou limitación do tratamento dos datos persoais ou a opoñerse ao tratamento, no caso de que se dean os requisitos establecidos no Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoal e garantía dos dereitos dixitais, pode dirixir un escrito ao responsable do tratamento, neste caso, o Concello de Cospeito,

ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DEFINITIVA EN PROPIEDAD MEDIANTE SISTEMA DE OPOSICIÓN POLO TURNO LIBRE DUNHA PRAZA DE OFICIAL DE PRIMEIRA.

D./D.^a....., provisto/a de DNI,
con domicilio a efecto de notificacións en
....., teléfono núm.,
correo electrónico

EXPÓN: Que convocado procedemento selectivo polo sistema de oposición para cubrir definitivamente a praza de persoal laboral fixo, denominada Oficial 1^a, persoal laboral fixo, incluída na Oferta Pública de Emprego do ano 2025, e desexando tomar parte no citado proceso selectivo, DECLARA que son certos os datos consignados nesta solicitude e que na data de remate do prazo de presentación de instancias reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

Polo exposto e declarado, SOLICITA: Ser admitido ao citado proceso selectivo, para o cal achega a seguinte documentación:

- ☐ Fotocopia do DNI ou pasaporte vixentes.
- ☐ Fotocopia do certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, Celga 2 ou equivalente.
- ☐ Titulación esixida no punto quinto das bases. (ESO, Graduado escolar, formación profesional de primeiro grado ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.)
- ☐ Permiso de condución B

Marcar a opción da lingua na que elixe realizar os exercicios da oposición:

- ☐ Galego

..... de de 2025.

Sinatura do solicitante

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE COSPEITO

ANEXO II**TEMARIO**

Tema 1. A Constitución española de 1978. Estrutura. Estatuto de Autonomía de Galicia: Título preliminar.

Tema 2. O municipio: Competencias. Organización municipal.

Tema 3. Dereitos e deberes dos/as empregados/as públicos/as.

Tema 4. O procedemento administrativo: concepto. Fases do procedemento administrativo. A resolución do procedemento administrativo.

Tema 5. Orzamento das entidades locais: concepto e contido.

Tema 6. Prevención de riscos laborais: Conceptos básicos e principais riscos do persoal de oficios/obras. Epi´s e sinalización de traballos e obras na vía pública. Normas e procedementos de seguridade laboral no emprego de vehículos de obra pública.

Tema 7. Tipos de maquinaria e ferramenta en albanelería. Maquinaria pesada e maquinaria manual. Ferramentas manuais. Características e usos. Materiais auxiliares empregados na albanelería. Mallas, cantoneiras, perfís auxiliares, selantes, etc.

Tema 8. Diferentes elementos de construción: Muros de cachotería. Muros de bloque. Cubertas. Pavimentos e baldosas. Paredes de ladrillo. Ladrillos tipo e medidas. Tellas. Revestimentos de paredes e chans. Andamios.

Tema 9. Formigóns: Clases. Preparación. Aditivos. Morteiro: composición e clases de morteiro. Pintura: Preparación das superficies de soporte.

Tema 10. Encofrados. Madeiras. Metais. Puntais e outros medios auxiliares. Arquetas de servizo urbano: auga, sumidoiro e alumeado público.

Tema 11. Carpintería: Ferramentas e equipo de taller. Mantemento, vernizado e reposición de portas e utensilios de madeira.

Tema 12. Electricidade: Cadros eléctricos. Receptores eléctricos. Circuitos eléctricos. Iluminación. Perigos da electricidade. Prevención de accidentes. Mantemento e conservación.

Tema 13. Fontanería: elementos que compoñen a instalación de subministro de auga. Instalacións de auga fría e quente. Mantemento e conservación.

Tema 14. Saneamento. Elementos da rede de saneamento. Materiais de tubaxes e diámetros máis frecuentes. Pozos de rexistro. Arquetas. Sumidoiros. Execución, mantemento e reparacións.

Tema 15. Pavimentación de vías. Tipoloxía. Sistemas construtivos. Mantemento e reparación.

Tema 16. Servizos competencia da administración local: Ley 7/1985, do de abril, reguladora das bases de réxime local.

Tema 17. O Concello de Cospeito: núcleos urbanos e parroquias.

Cospeito, 4 de novembro de 2025.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 3147

FOLGOSO DO COUREL*Anuncio*

Por acordo do Pleno do Concello de Folgoso do Courel celebrado de data 23/02/2024 aprobouse inicialmente o expediente de modificación número 2 do Instrumento de análise, descrición, clasificación, ordenación e valoración dos postos de traballo do Concello, o cal se anunciou, aos efectos de aperturar o trámite de información pública de 20 días que esixe o artigo 202.2 do Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 063, de data 15/03/2024.

Transcorrido devandito prazo e constado que non se presentaron reclamacións, suxestións ou alegacións, o acordo considérase elevado a definitivo, o que se anuncia de conformidade co regulado no artigo 202.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Tanto o Instrumento de análise, descrición, clasificación, ordenación e valoración dos postos de traballo do Concello coma a modificación número 2 encóntranse publicadas integramente no portal de transparencia da sede electrónica do Concello, a cal se pode acceder premendo a través da seguinte ligazón: <https://folgodosocourel.sedelectronica.es/transparency>

Folgoso do Courel, 6 de novembro de 2025.- A alcaldesa-presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 3148

A FONSAGRADA

Anuncio

Aprobación definitiva do expediente de modificación orzamentaria 34/2025 por transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Concello en Pleno na sesión celebrada o día 02 de outubro de 2025 aprobou inicialmente o expediente de modificación de orzamentaria núm. 34/2025 consistente na Transferencia de Crédito entre distintas áreas de gasto. Exposto ao público previo anuncio no B.O.P. de Lugo n.º 237 de data 15 de outubro de 2025, por espazo de 15 días, e non presentándose reclamacións, o expediente quedou definitivamente aprobado sendo a desagregación a seguinte:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	AUMENTO	DISMINUCIÓN
231.130	Asistencia social primaria.Laboral fixo		22.100 €
011.310	Gastos financeiros.De préstamos e outras op.financeiras en euros.Intereses	3.100 €	
011.359	Outros gastos financeiros.	4.000 €	
1621.22799	Recollida de residuos	15.000 €	
TOTAL		22.100 €	22.100 €

